

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 11 DE NOVEMBRO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECE A ORDE DE PRELACIÓN ENTRE AS DIFERENTES CATEGORÍAS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Na normativa xeral e na propia da Universidade de Vigo, non aparecen determinados os criterios de prelación entre as diferentes categorías de persoal docente e investigador, polo que, atendendo ao Informe de Asesoría Xurídica emitido o 7 de xuño de 2005, esta Vicerreitoría, aos efectos de comprobación e verificación do cumprimento da *Normativa reguladora dos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios e profesorado contratado doutor (Consello de Goberno 8/10/2008)* e das *Instrucións para a constitución e actuación das Comisións Específicas de Área*, dictadas en aplicación do acordo do Consello de Goberno do día 27 de xuño de 2005,

Esta REITORÍA RESOLVE,

Establecer a seguinte prelación:

- Grupo I

- a) Catedráticos/as de Universidade

- Grupo II

Pertencen a este grupo o restante profesorado funcionario e o contratado fixo con título de doutor:

- a) Profesorado Titular de Universidade
  - b) Catedráticos/as de Escolas Universitarias
  - c) Profesorado Contratado Doutor

- Grupo III

Pertencen a este grupo o profesorado funcionario ao que non se lle esixe o título de doutor:

- a) Profesorado Titular de Escolas Universitarias

- Grupo IV

Inclúense neste grupo os seguintes contratados:

- a) Profesorado Funcionario Interino
  - b) Profesorado Contratado Doutor Interino
  - c) Profesorado Axudante Doutor e investigadores contratados ao abeiro dos programas "Ramón y Cajal", Parga Pondal ou equivalentes.
  - d) Profesorado Visitante.

- Grupo V

Outros contratados:

- a) Profesorado Asociado T3-TC
- b) Axudantes
- b) Profesorado Asociado a tempo parcial

A relación de subpartados incluída en cada grupo non supón ningún tipo de prelación ou preferencia interna.

Nos grupos III e V, darase prioridade ao persoal que estea en posesión do título de doutor.

Dentro de cada grupo terá prioridade o persoal con dedicación a tempo completo.

Vigo, 11 de novembro de 2016

O Reitor

Por delegación RR 07/05/2014

A vice-reitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez